

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CONXUNTO II
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)
 CURSO 2024-2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN													
DISCIPLINA: Conxunto II													
ESPECIALIDADE:	Composición						ITINERARIOS:						
CARÁCTER:	Obrigatoria						TIPO DE CLASE:			Colectiva			
DEPARTAMENTO:	Dirección						XEFE DE DPTO.:			Fernando López Briones			
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			José Javier Sanz Vila	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:			1,5	
ECTS/CUAD.		3							Observacións:				
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA			
	José Javier Sanz Vila						josejavier.sanz@edu.xunta.gal			Xoves de 13 a 14h			

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de conxunto do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas. Desenvolvemento de ámbitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica da lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Coñecementos adquiridos no cuadrimestre anterior.</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Composición; Harmonía e contrapunto aplicados á composición; Análise aplicado á composición; Instrumentación.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X7, X8, X12
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC5, EC6, EC11
<p>Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro e 171/2016</p>	

3. OBXECTIVOS	
1-Coñecer as características acústicas, técnicas , sonoras e expresivas dos instrumentos.	T1, EC6
2-Investigar as posibilidades combinatorias camerísticas non tradicionais.	EC6, EC11
3-Traballar coas agrupacións de cámara do centro.	T1, T7, X7, EC5
4-Traballar técnicas de ensaio.	T1, T3, T7, X2, X7, EC5,
5-Cooperar no establecemento de criterios interpretativos.	T3, T7, X3, X7, E5, EC11
6-Dirixir e coordinar proxectos musicais colectivos.	TODAS
7-Adquirir flexibilidade de resposta ás indicacións do director.	X2, X3, EC11
8-Crear e liderar proxectos musicais colectivos.	TODAS

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
- Técnica de ensaio e dirección	- A xestualidade na dirección. - Xesto e son. - Elementos básicos no ensaio.	4
- Creación de proxectos	- Composición de pequenas obras para aplicar texturas, planos sonoros, fraseo, etc. - Ensaio e dirección de obras adaptadas ao conxunto da clase. - Organización do traballo colectivo. - Establecemento de criterios interpretativos. - Desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.	12
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral: explicación do profesor daqueles contidos da materia recollidos no punto catro da programación. Orientación no uso dos materiais (textos, partituras, audicións, etc.)	1,5		1,5
Composición de obras	4	20	24
Exposición práctico-teórica: exposición e análise de materiais axeitados para o desenvolvemento da materia.	3	6	9
Práctica individual: estudo das posibilidades texturais do instrumento propio.	1,5	10	11,5

Práctica colectiva: interpretación en grupo e dirección de traballos colectivos propios e alleos.	8	9	17
Pescuda de información: pescuda e análise de obras axeitadas para a súa interpretación colectiva na aula.		8	8
Exposición e debate de traballos: exposición das posibilidades de uso non tradicional do propio instrumento; aportación de partituras, audios e vídeos; debate na aula.	3	8	11
Titorías: orientación e dirección dos proxectos individuais e de grupo.		5	5
Avaliación: valoración dos traballos individuais e crítica colectiva das interpretacións; valoración das mesmas; revisión das cualificacións.	3		3
TOTAL HORAS	24	66	90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Exposición de traballos individuais	Práctica de aula mais práctica individual	T1, T3, EC6	10%
Interpretación solista	Actitude na clase e traballo diario	T1, X2, X3, EC6	10%
Interpretación colectiva	Actitude na clase e traballo diario	TODAS	30%
Concepción, desenvolvemento e dirección dun proxecto musical colectivo.	Valoración das capacidades adquiridas conforme a superación das distintas fases do proxecto realizado.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, EC6	10%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Interpretación colectiva	Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade do conxunto e da interpretación da obra.	TODAS	40%
Concepción, desenvolvemento e dirección dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, EC6	20%

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON 4 FALTAS OU MÁIS)			
Interpretación colectiva	Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade do conxunto e da interpretación da obra.	TODAS	40%
Concepción, desenvolvemento e dirección dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, EC6	20%
6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Interpretación colectiva	Valorarase o control da unidade sonora, da sonoridade do conxunto e da interpretación da obra.	TODAS	40%
Concepción, desenvolvemento e dirección dun proxecto musical colectivo.	Amosar capacidade de compromiso, de traballo e de optimización do esforzo de xeito que os ensaios sexan rendibles para afrontar unha audición pública nunha data prefixada.	TODAS	40%
Análise de obras camerísticas	Entrega de traballos	T1, EC6	20%

No caso de haber máis dun alumno con opción a **Matrícula de Honra** no mesmo curso e materia, esta outorgarase a través dunha proba específica ao efecto sobre os contidos propios do cuadrimestre.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da Consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da Consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS
<p>1. Referencias básicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> -El estudio de la orquestación. Samuel Adler. Ed. Idea books. -El arte de dirigir la orquesta. Hermann Scherchen. Ed. Labor. -Notación musical en el siglo XX. Jesús Villa Rojo. Ed. Sgae.
<p>2. Referencias complementarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instrumentación y orquestación clásica y contemporánea. Agustín Charles. Ed. Rivera editores. -Modern music and after. Paul Griffiths. Ed. Oxford University Press